

## INSTRUCCIÓN DE PRESENTACIÓN DE PROXECTOS CONXUNTOS

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO
AXUDAS AUTONÓMICAS PARA PROXECTOS AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVAS	<b>PE155A</b>

Para a presentación de proxectos conxuntos as entidades deben ter en conta o establecido no artigo 6 das bases reguladoras das axudas. *Artigo 6. Persoas beneficiarias conxuntas 1. Poderán concorrer de maneira individual ou conxuntamente, como unha agrupación de entidades as sinaladas no artigo 5.1 entre si e as sinaladas no apartado 2 entre si. No caso de concorrer de forma conxunta, deberán facer constar expresamente na solicitude que compromisos corresponderán a cada unha delas na execución das accións, así como o importe da subvención solicitada que corresponderá a cada unha delas. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, co cal se efectuarán as actuacións, que será unha das entidades Solicitantes, con poderes bastantes para cumprir os deberes que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Os compromisos de participación conxunta, así como o nomeamento de apoderado, deberán ratificarse mediante documento outorgado ante o órgano de xestión, unha vez notificada a concesión da axuda.*

En virtude do anterior a documentación explicativa sobre o proxecto que deben achegar é a seguinte:

1. **MODELO MEMORIA PE155A.** Unha **memoria que reflectirá os datos globais/totais** do proxecto, destacando o que se persegue con carácter xeral. Nesta memoria non é necesario que inclúa datos do apartado 7, xa que fan referencia ao Plan de Empresa, que é algo individualizado de cada entidade.
2. **ANEXO MEMORIA PE155A PROXECTOS CONXUNTOS.** Un **anexo á memoria** para cada entidade socia, incluída tamén á representante, coa súa información, indicando os investimentos de cada entidade e o plan de empresa, de estar obrigado a cubri-lo. O plan de empresa fará referencia á súa entidade. Entregaranse tanto anexos como entidades socias do proxecto.
3. **PLAN ECONOMICO PE155A (Folla de cálculo).** Entregarase un **plan económico global** co sumatorio dos datos totais do proxecto e a previsión de execución. Tamén se entregará un **plan económico individual** de cada entidade cubrindo os datos que lle correspondan. Lembre que o apartado 3 de plan de financiamento é obrigatorio para todas as entidades. O resto de apartados a partires deste é para aquelas entidades que realicen unha actividade económica con fin de lucro.

### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

MEMORIA DO PROXECTO (PDF)		APARTADOS DA MEMORIA A INCLUÍR							
Información a achegar		1	2	3	4	5	6	7	8
1	Memoria global do proxecto	●	●	●	●	●	●		●
2	Anexo á memoria (Tantos coma socias)	●	●			●	●	●	●

PLAN ECONOMICO (Folla de cálculo)		APARTADOS DO PLAN A INCLUÍR											
Información a achegar		1.1	1.2	1.3	2	3	4	5	6.1	6.2	6.3	7	8
1	Plan económico global do proxecto	●	●	●	●								
2	Plan económico individual (Tantos coma socias)	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●